

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

5662 *Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, establece, no seu artigo 14, que todos os centros docentes, independentemente da súa titularidade, deberán reunir uns requisitos mínimos referidos a titulación académica do profesorado, relación numérica alumno-profesor, instalacións docentes e deportivas, e número de postos escolares, para impartir ensinanzas con garantía de calidade. Pola súa banda, o artigo 23 da mesma lei condiciona a apertura e o funcionamento dos centros docentes privados ao principio de autorización administrativa, que se concederá sempre que aqueles reúnan os requisitos mínimos establecidos.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe novidades na ordenación das ensinanzas artísticas e, especialmente, na ordenación das ensinanzas artísticas superiores que foron desenvolvidas no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro. Por iso resulta necesario determinar os requisitos mínimos que deberán reunir os centros docentes para a súa impartición. Neste sentido, a normativa básica relativa aos requisitos dos centros docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación deberá constituír o denominador común que garanta a prestación do servizo educativo en condicións de calidade e igualdade para satisfacer o dereito constitucional á educación.

Ademais da habilitación expresa ao Goberno para que regule os requisitos mínimos dos centros docentes, contida no artigo 14 da Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación, o rango regulamentario desta norma está xustificado por resultar un complemento indispensable á lexislación educativa, así como un complemento necesario para alcanzar o común denominador que persegue a normativa básica estatal: a norma regulamentaria resulta o instrumento idóneo dado o carácter técnico da regulación relativa á titulación académica do profesorado, relación numérica alumno-profesor, e ás instalacións docentes dos centros docentes.

Por outra banda, a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, afecta os requisitos a que se somete a prestación de servizos educativos de interese económico xeral, en canto que os devanditos requisitos deberán ter carácter regulado, ser claros e inequívocos, obxectivos e imparciais, transparentes, proporcionados ao obxectivo de interese xeral e darse a coñecer con antelación. Neste sentido, remítese a regulación dos aspectos técnicos relacionados cos requisitos que deben reunir as instalacións docentes ao establecido no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico de edificación, onde se establecen as normas técnicas relativas á seguridade estrutural, á seguridade de utilización, á salubridade, á protección fronte ao ruído, ao aforro de enerxía e á seguridade en caso de incendio dos edificios docentes. É, precisamente, no documento básico de seguridade en caso de incendio onde o Código técnico de edificación fixa, entre outros requisitos, unha ocupación de 1,5 metros cadrados por persoa nas aulas, e 5 metros cadrados por persoa nos espazos diferentes ás aulas como laboratorios, obradoiros, ximnasios, salas de debuxo, etc.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación, e emitiron informe o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o Consello Escolar do Estado, a Comisión Superior de Persoal e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer os requisitos mínimos que deben reunir os centros docentes que impartan as ensinanzas artísticas reguladas no capítulo VI do título I da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. As disposicións deste real decreto serán de aplicación aos centros docentes que impartan as ensinanzas artísticas no territorio nacional.

Artigo 2. *Centros docentes públicos e privados.*

1. De conformidade co establecido no artigo 108 da Lei orgánica 2/2006, de educación, os centros docentes de ensinanzas artísticas clasifícanse en públicos e privados.

2. Os centros públicos de ensinanzas artísticas terán a denominación establecida nos artigos 58 e 111.3 da Lei orgánica 2/2006, de educación.

3. Os centros docentes privados a que se refire este real decreto denominaranse xenericamente centros autorizados, e esta denominación irá acompañada da correspondente ao ensino que imparta o centro. A Administración educativa establecerá as medidas oportunas para garantir o exercicio do dereito á educación dos alumnos dos centros docentes privados.

Artigo 3. *Requisitos xerais de instalacións dos centros docentes de ensinanzas artísticas.*

1. Todos os centros docentes que impartan as ensinanzas artísticas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se axustarán ao establecido na devandita lei, así como ao disposto na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico de edificación.

2. Os centros docentes de ensinanzas artísticas deberán situarse en espazos destinados exclusivamente a uso escolar, aínda que as súas instalacións poderán ser utilizadas fóra do horario escolar para a realización doutras actividades de carácter educativo ou cultural.

3. As instalacións dos centros docentes de ensinanzas artísticas deberán reunir as condicións de seguridade estrutural, de seguridade en caso de incendio, de seguridade de utilización, de salubridade, de protección fronte ao ruído e de aforro de enerxía que sinala a lexislación vixente. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos de protección laboral establecidos na lexislación vixente.

4. Os edificios e todas as instalacións dos centros docentes de ensinanzas artísticas deberán dispor das condicións de accesibilidade e supresión de barreiras exixidas pola lexislación relativa ás condicións básicas de accesibilidade universal e non-discriminación de persoas con discapacidade.

5. Os centros docentes de ensinanzas artísticas contarán co equipamento e coas instalacións necesarias para o correcto desenvolvemento das actividades educativas, de acordo coa finalidade que para estas ensinanzas se establece no artigo 45.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. Os centros docentes de ensinanzas artísticas deberán contar, como mínimo, coas seguintes instalacións:

- a) Despachos de dirección e de actividades de coordinación e de orientación.
- b) Espazos destinados á administración.

- c) Unha sala de profesores adecuada ao número de profesores.
- d) Unha biblioteca con fondo bibliográfico, audiovisual e fonográfico en función do tipo de ensino.
- e) Acceso, en todos os espazos en que se desenvolvan accións docentes, así como na biblioteca, ás tecnoloxías da información e a comunicación en cantidade e calidade adecuadas ao número de postos escolares, garantindo a accesibilidade aos contornos dixitais do alumnado con capacidades diferentes.
- f) Aseos e servizos hixiénico-sanitarios en número adecuado á capacidade do centro, tanto para o alumnado como para o profesorado, así como aseos e servizos hixiénico-sanitarios adaptados para persoas con discapacidade no número, proporción e condicións de uso funcional que a lexislación aplicable en materia de accesibilidade establece.

Artigo 4. *Número de postos escolares.*

Entenderase por número de postos escolares o número de alumnos que un centro pode atender de forma que se garantan as condicións mínimas e de calidade exixibles para a impartición de cada unha das ensinanzas artísticas.

TÍTULO II

Dos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais

CAPÍTULO I

Dos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de música

Artigo 5. *Denominación dos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de música.*

1. Nos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de música impartiranse as ensinanzas reguladas no artigo 48.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Nestes centros poderanse impartir, igualmente, as ensinanzas a que se refire o artigo 48.1 da dita lei.

2. Os centros públicos que ofrecen ensinanzas artísticas profesionais e, de ser o caso, elementais, de música, denominaranse conservatorios. Os centros privados autorizados denominaranse centros autorizados de ensinanzas artísticas profesionais de música.

Artigo 6. *Requisitos mínimos relativos ás instalacións dos centros de ensinanzas artísticas profesionais de música.*

1. Os centros profesionais de música deberán impartir as especialidades de piano, canto e, polo menos, as especialidades instrumentais de corda e vento que constitúen o persoal da orquestra de cámara. No caso de que nun centro, de acordo co artigo 6.3 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se potencie un perfil no ensino da música moderna, deberá impartir as especialidades de piano, canto e, polo menos, as especialidades instrumentais que constitúen os instrumentos dos distintos conxuntos da música moderna.

2 Estes centros deberán contar, como mínimo, coas seguintes instalacións e condicións materiais:

a) Unha sala polivalente, cun escenario dunha superficie adecuada que posibilite en todo caso a organización de concertos da orquestra, a banda e o coro do centro.

b) Aulas de ensino non instrumental, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se impartan e á relación numérica profesorado-alumnado.

c) Aulas destinadas á impartición das disciplinas de música de cámara, conxunto ou outras clases colectivas de instrumento ou voz, cunha superficie adecuada á natureza das agrupacións instrumentais ou vocais máis características e/ou, de ser o caso, á relación numérica profesorado-alumnado das disciplinas que nelas se impartan.

d) Aulas destinadas ás disciplinas de orquestra, banda e coro, cunha superficie adecuada á natureza das diferentes agrupacións e/ou, de ser o caso, á relación numérica profesorado-alumnado das disciplinas que nelas se impartan.

e) Aulas de ensino instrumental ou vocal individual, cunha superficie adecuada á natureza da especialidade instrumental ou vocal que nela se imparta. No caso de que a disciplina de conxunto ou outras clases colectivas se impartan nestas aulas, a súa superficie adecuarase á relación numérica profesorado-alumnado destas disciplinas.

3. As administracións educativas, en desenvolvemento deste real decreto, determinarán, con carácter xeral, o número de aulas necesarias por postos escolares nos supostos contidos nas alíneas b), c), d) e e) do punto anterior, de acordo co currículo que establezan as administracións educativas, o horario de funcionamento dos centros, as especialidades autorizadas e o número de postos escolares.

Artigo 7. Relacións numéricas profesorado-alumnado nos centros de ensinanza artística profesional de música.

A relación numérica máxima profesorado-alumnado nas disciplinas das ensinanzas profesionais de música será:

- a) Nas clases individuais de instrumento ou voz, 1/1.
- b) Nas clases de ensino non instrumentais, 1/15, sen prexuízo de que as administracións educativas poidan establecer na normativa reguladora do plan de estudos relacións numéricas máis reducidas para a impartición de determinadas clases prácticas.
- c) Correspóndelles ás administracións educativas determinar a relación numérica profesorado-alumnado nas clases de música de cámara, orquestra, banda, coro, conxunto ou outras clases colectivas de instrumento ou voz, en función da natureza das diferentes agrupacións de que se trate e do que, de ser o caso, se poida establecer na propia normativa reguladora do currículo.

CAPÍTULO II

Dos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de danza

Artigo 8. Denominación dos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de danza.

1. Nos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de danza impartiranse as ensinanzas reguladas nos artigos 48.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Nestes centros poderanse impartir, igualmente, as ensinanzas a que se refire o artigo 48.1 da dita lei.

2. Os centros públicos que ofrecen ensinanzas profesionais e, de ser o caso, elementais, de danza, denominaranse conservatorios. Os centros privados autorizados denominaranse centros autorizados de ensinanzas artísticas profesionais de danza.

Artigo 9. Requisitos mínimos relativos ás instalacións dos centros de ensinanzas artísticas profesionais de danza.

1. Os centros de ensinanzas artísticas profesionais de danza deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos referentes a instalacións e condicións materiais:

- a) Unha sala polivalente, cun escenario dunha superficie adecuada que posibilite en todo caso as representacións de danza.

- b) Aulas de ensino teóricas, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se impartan e á relación numérica profesor-alumnado.
- c) Unha aula para música, cunha superficie adecuada á relación numérica profesor-alumno.
- d) Vestiarios con duchas, adecuados ao número de postos escolares do centro.
- e) Aulas destinadas a clases de danza dotadas de materiais específicos para a prevención de lesións corporais e cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se impartan e á relación numérica profesor-alumnado.
- f) Área sanitaria.

2. As administracións educativas, en desenvolvemento deste real decreto, determinarán, con carácter xeral, o número de aulas necesarias nos supostos contidos nas alíneas b), d), e e) do punto anterior, de acordo co currículo que establezan as administracións educativas, o horario de funcionamento dos centros, as especialidades autorizadas e o número de postos escolares.

Artigo 10. *Relación numérica profesor-alumnado nos centros de ensinanzas artísticas profesionais de danza.*

Nas ensinanzas profesionais de danza, a relación numérica profesorado-alumnado será, como máximo, de 1/30 nas clases teóricas e dun máximo de 1/15 nas clases prácticas, sen prexuízo de que na normativa reguladora do plan de estudos a Administración educativa determine grupos máis reducidos para a impartición de determinadas disciplinas prácticas.

CAPÍTULO III

Dos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño

Artigo 11. *Denominación dos centros de ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño.*

- 1. Nos centros docentes de ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño impartiranse as ensinanzas reguladas no artigo 51 da Lei orgánica 2/2006, de educación.
- 2. Os centros públicos que impartan ciclos formativos de grao medio e de grao superior de artes plásticas e deseño recibirán a denominación xenérica de escolas de arte. Os centros privados autorizados denominaranse centros autorizados de ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño.

Artigo 12. *Requisitos relativos ás instalacións dos centros de ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño.*

- 1. Os centros de ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos referentes a instalacións e condicións materiais:
 - a) Aulas destinadas á impartición de clases teóricas cunha superficie mínima adecuada ao número de postos escolares.
 - b) Aulas destinadas á impartición de clases teórico-prácticas cunha superficie mínima adecuada ao número de postos escolares.
 - c) Unha aula para cada un dos obradoiros específicos correspondentes aos ciclos formativos que imparta o centro, coa superficie mínima adecuada e co equipamento que se determine nos respectivos títulos de artes plásticas e deseño.
 - d) Un espazo de uso polivalente que se poida utilizar para exposicións, actividades artísticas e outros actos.

2. As administracións educativas determinarán, con carácter xeral, o número de aulas necesarias por postos escolares nos supostos contidos nas alíneas a) e b) do punto anterior, de acordo co plan de estudos que establezan.

Artigo 13. *Relación numérica profesorado-alumnado.*

Nas ensinanzas artísticas profesionais correspondentes a ciclos formativos de grao medio e grao superior de artes plásticas e deseño, a relación numérica profesor-alumno será, como máximo, de 1/30 nas clases teóricas e teórico-prácticas e de 1/15 nas clases prácticas e obradoiros, sen prexuízo de que na normativa reguladora do plan de estudos a Administración educativa determine grupos máis reducidos para a impartición de determinados obradoiros ou módulos.

CAPÍTULO IV

Dos centros integrados

Artigo 14. *Ensinanzas nos centros docentes integrados.*

Os requisitos mínimos que deberán reunir os centros integrados de música ou de danza a que se refire o artigo 47.2 da Lei orgánica 2/2006, de educación, serán os que se establecen neste real decreto, xunto cos requisitos establecidos no Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos para os centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e a educación secundaria, para as ensinanzas que impartan.

CAPÍTULO V

Da formación inicial do profesorado de ensinanzas artísticas profesionais

Artigo 15. *Requisitos para exercer a docencia nas ensinanzas artísticas profesionais.*

1. Para impartir a docencia das ensinanzas elementais e profesionais de música e danza será necesario estar en posesión do título de graduado, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou titulación equivalente para efectos de docencia.

Para exercer a docencia das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño será necesario estar en posesión do título de graduado, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou titulación equivalente para efectos de docencia, sen prexuízo da intervención educativa doutros profesionais e da habilitación doutras titulacións que, para efectos de docencia, poida establecer o Goberno para determinados módulos, logo de consulta ás comunidades autónomas.

Para exercer a docencia das ensinanzas artísticas profesionais requirirase, así mesmo, a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo seguinte.

2. O profesorado de centros de ensinanzas artísticas profesionais deberá acreditar a cualificación específica para impartir as disciplinas e, de ser o caso, materias respectivas que estableza o Goberno, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2006, de educación.

3. Excepcionalmente, para determinadas materias poderanse incorporar como profesores especialistas profesionais, non necesariamente titulados, que teñan a necesaria cualificación profesional e desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral, de conformidade coas necesidades do sistema educativo. A dita incorporación realizarase en réxime laboral ou administrativo, de acordo coa normativa que resulte de aplicación.

Artigo 16. *Formación pedagóxica e didáctica do profesorado de ensinanzas artísticas profesionais.*

1. Para exercer a docencia nas ensinanzas artísticas profesionais será necesario estar en posesión dun título oficial de posgrao que acredite a formación pedagóxica e

didáctica de acordo co exixido polo artigo 96 e na disposición transitoria oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O título de posgrao a que se refire a punto anterior poderá ser un título universitario oficial de máster ou ben un título de máster dos regulados no artigo 9 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores. Os seus plans de estudos terán unha duración de 60 créditos europeos aos cales se refiren o artigo 4 do citado real decreto e o artigo 5 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Cando o título de posgrao sexa un máster universitario, observarase o disposto no artigo 15.4 do citado Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, en relación cos que habilitan para o exercicio de profesións reguladas.

3. A denominación dos títulos de posgrao a que se refire este artigo deberá facilitar a identificación da profesión para cuxo exercicio habilita e, en ningún caso, poderá conducir a erro ou confusión sobre os seus efectos profesionais. Non poderá ser obxecto de autorización nin de verificación por parte do Consello de Universidades ningún plan de estudos correspondente a un título universitario oficial cuxa denominación inclúa a referencia expresa á profesión de profesor de ensinanzas artísticas profesionais sen que o dito título cumpra as condicións que estableza o Goberno.

4. Os plans de estudos dos títulos a que se refire este artigo deberán cumprir, ademais do previsto, de ser o caso, no referido Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, os requisitos que estableza o Ministerio de Educación respecto de obxectivos do título e planificación das ensinanzas.

5. Os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de profesor de ensinanzas artísticas profesionais garantirán a adquisición das competencias necesarias para exercer a profesión de acordo co regulado na normativa aplicable.

TÍTULO III

Dos centros de ensinanzas artísticas superiores

CAPÍTULO I

Condicións xerais

Artigo 17. *Denominación dos centros de ensinanzas artísticas superiores.*

1. Nos centros de ensinanzas artísticas superiores poderanse ofertar os estudos de grao e posgrao nas condicións establecidas no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. De conformidade co artigo 111.3 da Lei orgánica de educación, os centros públicos que impartan ensinanzas artísticas superiores recibirán as seguintes denominacións xenéricas:

- a) Conservatorios superiores de música ou escolas superiores de música.
- b) Conservatorios superiores de danza ou escolas superiores de danza.
- c) Escolas superiores de arte dramática.
- d) Escolas superiores de conservación e restauración de bens culturais.
- e) Escolas superiores de deseño.
- f) Escolas superiores da especialidade correspondente cando impartan estudos superiores de artes plásticas.

3. Non se poderán utilizar denominacións que sexan coincidentes cos centros e ensinanzas a que se refire o punto anterior ou que polo seu significado poidan inducir a confusión con eles.

4. Correspóndelles ás administracións educativas determinar a denominación daqueles centros públicos que ofrezan ensinanzas de educación superior agrupadas de maneira distinta ás definidas neste artigo.

Artigo 18. *Centros privados superiores de ensinanzas artísticas.*

1. Son centros privados superiores de ensinanzas artísticas os autorizados polas administracións educativas e cuxo titular sexa unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

2. A apertura e o funcionamento de centros docentes de titularidade privada para impartir estudos superiores de ensinanzas artísticas conducentes á obtención de títulos oficiais requirirá a autorización das administracións educativas e deberán cumprir os requisitos básicos e aqueles que figuren no real decreto do título correspondente.

Artigo 19. *Requisitos relativos ás instalacións dos centros superiores de ensinanzas artísticas.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores deberán contar coas instalacións a que se refire o artigo 3 deste real decreto, así como espazos destinados a departamentos e equipamentos para desenvolver as tarefas de investigación propias destas ensinanzas.

2. Igualmente, deberán cumprir os requisitos de espazos e equipamentos necesarios para a impartición das ensinanzas establecidas nos correspondentes reais decretos polos cales se regule cada título.

Artigo 20. *Requisitos para exercer a docencia nas ensinanzas artísticas superiores.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores contarán coa estrutura docente necesaria para a organización e desenvolvemento de ensinanzas conducentes aos títulos de graduado e aos títulos de máster en ensinanzas artísticas, así como aos estudos de doutoramento propios das ensinanzas artísticas segundo os convenios das administracións educativas coas universidades e o fomento de programas de investigación no ámbito das disciplinas que lles son propios.

2. Cando un centro de ensinanzas artísticas superiores imparta estudos de máster, polo menos un 15 por 100 do persoal docente que vaia impartir os ditos estudos deberá estar en posesión do título de doutor.

3. Para exercer a docencia das ensinanzas artísticas superiores será necesario estar en posesión do título de graduado, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou titulación equivalente para efectos de docencia, sen prexuízo da habilitación doutras titulacións que, para efectos de docencia, poida establecer o Goberno para determinadas materias, logo de consulta ás comunidades autónomas.

4. Na regulación das ensinanzas artísticas superiores, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, poderá incluír outras exixencias para o profesorado que as asuma, derivadas das condicións de inserción destas ensinanzas no marco da educación superior.

5. Excepcionalmente, para determinadas materias das ensinanzas artísticas superiores, poderanse incorporar como profesores especialistas profesionais, non necesariamente titulados, que teñan a necesaria cualificación profesional e desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral ou teñan nacionalidade estranxeira, de conformidade coa súa cualificación e as necesidades do sistema educativo. Esta incorporación realizarase en réxime laboral ou administrativo de acordo coa normativa que resulte de aplicación.

6. Para estas ensinanzas, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá a figura de profesor emérito.

CAPÍTULO II

Dos centros de ensinanzas artísticas superiores de música

Artigo 21. *Requisitos dos centros de ensinanzas artísticas superiores de música.*

1. Os centros superiores de ensino de música impartirán, como mínimo, a especialidade de interpretación coa materia de piano e todas as materias instrumentais da orquestra sinfónica e, polo menos, outras dúas especialidades. No caso de que un centro se especialice no ensino da música moderna, deberá impartir as especialidades de interpretación coas materias de piano, canto e todas as materias instrumentais que constitúen os instrumentos das distintas agrupacións da música moderna e, polo menos, outras dúas especialidades.

2. Ademais dos requisitos establecidos no artigo 3 deste real decreto, estes centros deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos referentes a instalacións e condicións materiais:

a) Auditorio, cun escenario e unha capacidade acorde co número de usuarios posible e os equipamentos necesarios para a súa finalidade.

b) Aulas de ensino non instrumental, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se impartan e á relación numérica profesorado-alumnado.

c) Aulas destinadas á impartición de clases de música de cámara, conxunto ou outras clases colectivas de instrumento ou voz, cunha superficie adecuada á natureza das agrupacións instrumentais ou vocais máis características e/ou, de ser o caso, á relación numérica profesor-alumnado das disciplinas que nelas se impartan.

d) Aulas destinadas ás actividades de orquestra e coro, cunha superficie adecuada á natureza das diferentes agrupacións e/ou, de ser o caso, á relación numérica profesor-alumnado das disciplinas que nelas se impartan.

e) Aulas de ensino instrumental ou vocal individual, cunha superficie adecuada á natureza da especialidade instrumental ou vocal que nela se imparta. No caso de que outras clases colectivas se impartan nestas aulas, a superficie destas adecuarase á relación numérica profesor-alumnado destas disciplinas.

f) Aquel outros espazos específicos de determinadas especialidades, de conformidade co que estableza a normativa correspondente.

3. As administracións educativas poderán determinar, con carácter xeral, o número de aulas necesarias por postos escolares e espazos específicos de especialidades, de acordo co currículo que establezan.

Artigo 22. *Relación numérica profesor-alumnado.*

Os centros docentes de ensinanzas artísticas superiores de música terán:

a) Nas clases de ensino non instrumental, como máximo, 1/15.

b) Nas clases de música de cámara, orquestra, coro ou outras clases colectivas de instrumento, a relación profesor-alumnado quedará determinada pola agrupación de que se trate ou polo que, de ser o caso, se estableza na normativa reguladora do currículo.

c) Nas clases de ensino instrumental individual será de 1/1.

CAPÍTULO III

Dos centros de ensinanzas artísticas superiores de danza

Artigo 23. *Requisitos dos centros de ensinanzas artísticas superiores de danza.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de danza deberán contar coa estrutura organizativa necesaria para o desenvolvemento das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de graduado ou graduada nas especialidades correspondentes.

2. Ademais dos requisitos establecidos no artigo 3 deste real decreto, estes centros deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos referentes a instalacións:

Espazos docentes con independencia do número de alumnos:

- a) Aula de música, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nela se imparten e á relación numérica profesor-alumnado.
- b) Aula de maquillaxe, cunha superficie adecuada á súa función.

Espazos docentes dependentes do número de postos escolares cuxo número será o preciso para que, de acordo co número de postos escolares e a relación numérica profesor-alumnado, se poida garantir o horario lectivo que se estableza no plan de estudos:

- a) Aulas destinadas á impartición de clases de danza, cunha superficie e altura adecuadas e materiais específicos para a prevención de lesións corporais.
- b) Aulas para ensinanzas teóricas, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se imparten e á relación numérica profesor-alumnado.
- c) Teatro, cun escenario e unha capacidade acorde co número de usuarios posible e os equipamentos necesarios para realizar representacións de danza.
- d) Vestiarios con duchas, adecuados á capacidade do centro.
- e) Almacén para vestiario e escenografía cunha superficie adecuada.

As administracións educativas poderán determinar, con carácter xeral, o número de aulas necesarias por postos escolares nos supostos a), b) e c) anteriores, de acordo co currículo que establezan.

Artigo 24. *Relación numérica profesor-alumnado.*

Os centros docentes que ofrecen as ensinanzas artísticas superiores de danza terán, como máximo, unha relación 1/25.

CAPÍTULO IV

Dos centros de ensinanzas artísticas superiores de arte dramática

Artigo 25. *Requisitos dos centros de ensinanzas artísticas superiores de arte dramática.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de arte dramática deberán contar coa estrutura organizativa necesaria para o desenvolvemento das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de graduado ou graduada nas especialidades correspondentes.

2. Ademais dos requisitos establecidos no artigo 3 deste real decreto, nos centros de ensinanzas artísticas superiores de arte dramática serán necesarios, como mínimo, os seguintes requisitos referidos a instalacións e condicións materiais:

Espazos docentes con independencia do número de alumnos:

- a) Obradoiro de escenografía, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nel se imparten e á relación numérica profesorado-alumnado.

b) Obradoiro de vestiario, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nel se imparten e á relación numérica profesorado-alumnado.

Espazos docentes dependentes do número de postos escolares cuxo número será o preciso para que, de acordo co número de postos escolares e a relación numérica profesor-alumnado, se poida garantir o horario que se estableza no plan de estudos:

a) Aulas acondicionadas para as ensinanzas relativas á técnica e expresión corporal, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se imparten e á relación numérica profesor-alumnado.

b) Aulas acondicionadas para as ensinanzas de interpretación, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se imparten e á relación numérica profesor-alumnado.

c) Aulas para ensinanzas teóricas, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se imparten e á relación numérica profesor-alumnado.

d) Aulas acondicionadas para as ensinanzas de caracterización, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se imparten e á relación numérica profesor-alumnado.

e) Aulas acondicionadas para as ensinanzas de técnica vocal e canto, cunha superficie adecuada á natureza das disciplinas que nelas se imparten e á relación numérica profesor-alumnado.

f) Teatro, cun escenario e unha capacidade acorde co número de usuarios posible e equipamentos suficientes para a realización das prácticas específicas das especialidades impartidas.

g) Almacén para vestiario e escenografía cunha superficie adecuada.

h) Vestiarios con duchas, adecuados á capacidade do centro.

As administracións educativas poderán determinar, con carácter xeral, o número de aulas necesarias por postos escolares nos supostos a)-e) anteriores, de acordo co currículo que establezan.

Artigo 26. Relación numérica profesor-alumnado.

Os centros docentes que ofrecen as ensinanzas correspondentes ás ensinanzas superiores de arte dramática terán, como máximo, unha relación numérica 1/12 nas ensinanzas que se definan como prácticas e non poderá superar a relación 1/24 para as que se establezan como teórico-prácticas e técnicas no plan de estudos. No caso das ensinanzas instrumentais, as administracións educativas poderán establecer as relacións numéricas previstas no artigo 22 deste real decreto.

CAPÍTULO V

Dos centros de ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais

Artigo 27. Requisitos relativos ás instalacións dos centros de ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais.

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais deberán contar coa estrutura organizativa necesaria para o desenvolvemento das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de graduado ou graduada nas especialidades correspondentes.

2. Nos centros que imparten ensinanzas correspondentes ás ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais serán necesarios, como mínimo, os seguintes requisitos referidos a instalacións e condicións materiais, en función da ratio establecida:

- a) Aulas para disciplinas teóricas por especialidade, con medios e recursos que permitan o uso de novas tecnoloxías.
- b) Unha aula específica de proxectos debidamente equipada.
- c) Aulas-obradoiro para procedementos plásticos e técnicas artísticas.
- d) Un laboratorio de química, física e bioloxía debidamente equipado para o exame científico dos bens culturais.
- e) Obradoiros de técnicas da especialidade dotadas da maquinaria e tecnoloxías específicas.
- f) Obradoiros de prácticas de conservación e restauración equipados debidamente e diferenciados para os cursos comúns e os cursos de especialidade.
- g) Un laboratorio fotográfico de investigación debidamente equipado.
- h) Un espazo de uso polivalente que se poida utilizar para exposicións, actividades artísticas e outros actos.
- i) Espazos diferenciados para almacenaxe de produtos, obra restaurada e obra pendente de restaurar, en condicións óptimas de conservación e seguridade.

Artigo 28. *Relación numérica profesor-alumnado.*

Os centros docentes que impartan os estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais terán, como máximo, unha relación numérica 1/20 nas clases teóricas, e 1/10 nas clases teórico-prácticas e nos obradoiros.

CAPÍTULO VI

Dos centros de ensinanzas artísticas superiores de deseño

Artigo 29. *Requisitos relativos ás instalacións dos centros de ensinanzas artísticas superiores de deseño.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de deseño deberán contar coa estrutura organizativa necesaria para o desenvolvemento das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de graduado ou graduada nas especialidades correspondentes.

2. Nos centros que impartan ensinanzas correspondentes ás ensinanzas artísticas superiores de deseño serán necesarios, como mínimo, os seguintes requisitos referidos a instalacións e condicións materiais:

- a) Aulas para disciplinas teóricas por especialidade, con medios e recursos que permitan o uso de novas tecnoloxías.
- b) Unha aula de proxectos debidamente equipada.
- c) Aulas-obradoiro para procedementos plásticos e técnicas artísticas.
- d) Obradoiros de técnicas vinculadas á especialidade dotados da maquinaria e tecnoloxías específicas.
- e) Un estudo e un laboratorio fotográfico debidamente equipados.
- f) Un espazo de uso polivalente que se poida utilizar para exposicións, actividades artísticas e outros actos.
- g) Espazos diferenciados para almacenaxe de materiais, produtos e traballos realizados, en condicións óptimas de conservación e seguridade.

Artigo 30. *Relación numérica profesor-alumno.*

Os centros que impartan ensinanzas correspondentes ás ensinanzas artísticas superiores de deseño terán, como máximo, unha relación numérica 1/20 nas clases teóricas, e 1/10 alumnos por grupo nas clases teórico-prácticas e nos obradoiros.

CAPÍTULO VII

Dos centros de ensinanzas artísticas superiores de artes plásticas

Artigo 31. *Requisitos de instalacións dos centros de ensinanzas artísticas superiores de cerámica.*

1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores de cerámica deberán contar coa estrutura organizativa necesaria para o desenvolvemento das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de graduado ou graduada nas especialidades correspondentes.

2. Nos centros que impartan ensinanzas artísticas superiores de cerámica serán necesarios, como mínimo, os seguintes requisitos referentes a instalacións e condicións materiais:

- a) Aulas para disciplinas teóricas por especialidade, con medios e recursos que permitan o uso de novas tecnoloxías.
- b) Unha aula específica de proxectos debidamente equipada.
- c) Aulas-obradoiro para procedementos plásticos e técnicas artísticas.
- d) Un laboratorio xeral cerámico coa dotación adecuada.
- e) Obradoiros de técnicas vinculadas á especialidade dotados da maquinaria e tecnoloxías específicas, entre os cales deberá figurar un obradoiro de prototipos.
- f) Unha nave de fornos dotada co equipamento necesario.
- g) Área de planta piloto dotada dos dispositivos para o estudo e realización das operacións de mostras experimentais de materias e produtos cerámicos.
- h) Un espazo de uso polivalente que se poida utilizar para exposicións, actividades artísticas e outros actos.
- i) Espazos diferenciados para almacenaxe de materiais, produtos, pezas e traballos realizados, en condicións óptimas de conservación e seguridade.

Artigo 32. *Relación numérica profesor-alumno.*

Os centros que impartan as ensinanzas artísticas superiores de cerámica terán unha relación máxima de 1/20 nas clases teóricas, e 1/10 nas clases teórico-prácticas e nos obradoiros.

Artigo 33. *Requisitos relativos ás instalacións dos centros de ensinanzas artísticas superiores de vidro.*

Nos centros que impartan ensinanzas artísticas superiores de vidro serán necesarios, como mínimo, os seguintes requisitos referentes a instalacións e condicións materiais:

- a) Aulas para disciplinas teóricas por especialidade, con medios e recursos que permitan o uso de novas tecnoloxías.
- b) Unha aula específica de proxectos debidamente equipada.
- c) Aulas-obradoiro para procedementos plásticos e técnicas artísticas.
- d) Un laboratorio dotado do equipamento necesario para a análise e caracterización de materias primas, materiais e produtos vítreos e para a realización de ensaios tecnolóxicos e de colorimetría.
- e) Obradoiros de técnicas do vidro dotados das ferramentas, fornos, maquinaria e tecnoloxías específicas, entre os cales deberán figurar, polo menos, un obradoiro de procesos en quente, de procesos en frío, de técnicas alternativas e de vidro artístico.
- f) Un espazo de uso polivalente que se poida utilizar para exposicións, actividades artísticas e outros actos.
- g) Espazos diferenciados para almacenaxe de materiais, produtos, pezas e traballos realizados, en condicións óptimas de conservación e seguridade, con acceso directo ao exterior e preparado para soporte e movemento de cargas pesadas.

Artigo 34. *Relación numérica profesor-alumnado.*

Os centros que ensinanzas artísticas superiores de vidro terán unha relación máxima 1/20 alumnos nas clases teóricas, e 1/10 alumnos nas clases teórico-prácticas e nos obradoiros.

Disposición adicional primeira. *Formación pedagóxica e didáctica do profesorado que non pode acceder aos estudos de máster.*

A formación pedagóxica e didáctica do profesorado que, por razóns derivadas da súa titulación, non poida acceder aos estudos de posgrao a que se refire este real decreto, acreditarase mediante unha formación equivalente á exixida no artigo 100 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, nas condicións que estableza o Ministerio de Educación.

Disposición adicional segunda. *Centros sometidos ao dereito común.*

En aplicación do establecido no artigo 24.1 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, os centros privados que impartan ensinanzas que non estean reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que están sometidos ás normas de dereito común, non poderán utilizar ningunha das denominacións xenéricas establecidas na devandita lei e neste real decreto para os centros docentes, nin calquera outra que poida inducir a erro ou confusión con aquelas.

Disposición adicional terceira. *Referencias xenéricas.*

Todas as referencias para as cales neste real decreto se utiliza a forma de masculino xenérico se deben entender aplicables, indistintamente, a mulleres e a homes.

Disposición transitoria primeira. *Adecuación do profesorado que presta servizos en centros docentes de ensinanzas artísticas.*

1. O establecido neste real decreto respecto dos requisitos de titulación para a impartición das distintas ensinanzas artísticas non afectará o profesorado que estea a prestar os seus servizos en centros docentes en relación coas prazas que estean ocupando.

2. Segundo se vaian implantando as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de educación, as prazas vacantes deberán ser ocupadas por profesores que reúnan os requisitos establecidos.

Disposición transitoria segunda. *Equivalencia da docencia impartida á formación pedagóxica e didáctica.*

A acreditación dunha experiencia docente durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, 12 meses en períodos continuos ou descontínuos, en centros públicos ou privados de ensinanzas artísticas profesionais debidamente autorizados, recoñeceráselles a dita docencia como equivalente á formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 16 deste real decreto mentres non se regule o título universitario oficial de máster ou o título de máster dos regulados no artigo 9 do Real decreto 1614/2009, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores.

Disposición transitoria terceira. *Solicitudes de autorización de novos centros.*

1. Os centros docentes autorizados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto enténdense autorizados para a impartición das correspondentes ensinanzas.

2. As solicitudes de autorización de novos centros presentadas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán cumprir os requisitos mínimos aquí establecidos.

3. Os centros que no momento da entrada en vigor deste real decreto teñan aprobado pola Administración educativa o proxecto de obras requirido para a súa autorización,

rexeranse, no relacionado ás instalacións, pola normativa en vigor no momento de realizarse a dita aprobación.

Disposición transitoria cuarta. *Aplicabilidade do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas.*

Mentres as administracións educativas non regulen as ensinanzas elementais de música e de danza no seu ámbito de competencias, será de aplicación o establecido respecto disto no Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria cuarta deste real decreto.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta norma.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de norma básica e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, sobre regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e 30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación, no ámbito das súas competencias, ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 15 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL